

MOBILIDADE SUSTENTABLE



A cidade, concibida como tal, é un espazo público onde conflúen moitos tipos de individuos e de servizos e onde non resulta fácil que todas as persoas se movan segundo as súas necesidades e en harmonía co medio.

Para poder falar de Mobilidade Sustentable na cidade habería que comezar por definir o modelo de cidade que se busca, onde o ser humano e as súas actividades teñen que ser os principais protagonistas da vida urbana. Partindo desta premisa, todos os proxectos e reformas que se queiran levar a cabo terán que ter como base a idea de facer accesible e transitable a maioría dos espazos públicos, pero de xeito que poidan disfrutar deles a diversidade de persoas que circulan pola vila, é dicir, aquelas que precisan dun bastón como aquelas que o fan en cadeira de rodas ou cun carriño de bebé, por poñer algún exemplo. O transporte público debe asemade facilitar a incorporación das persoas discapacitadas, maiores ou con problemas de mobilidade, para que todos e cada un sexan os beneficiados deste sistema. Pola contra, hai que dicir que isto é difícil de lograr se non hai unha conciencia colectiva na que sexamos responsables e respectuosos co medio, na que o coche non se converta nun elemento imprescindible para levar a cabo os nosos desprazamentos e que haxa alternativas como a bicicleta ou o transporte urbano, para o que tamén se precisa a existencia do carril bici e dunha oferta de servizos ampla e de calidade.

A peonalización dalgunhas zonas convírtese logo nun elemento básico para o mellor desenvolvemento deste proxecto: a restricción do tráfico polo centro histórico é esencial, xa que non é compatible co modelo de cidade que se está a buscar. A convivencia de coches e peóns polas rúas estreitas, de difícil acceso (propias do centro histórico), non fan máis que dificultar que todos os cidadáns teñas as mesmas facilidades para moverse. Ganar espazo público é un dos obxectivos que se persiguen á hora de construír unha vila sustentable, onde o cidadán disfrute dunha accesibilidade universal e non atope barreiras,

seguindo un proxecto humanizador, deseñado para incrementar a calidade urbana, a convivencia cidadá e aumentar así a cohesión social da cidade.

Preocupados por este tema da mobilidade sustentable deseñáronse diversas actividades para que o alumnado tome conciencia da importancia que ten o entorno e das dificultades que entraña, para as persoas con problemas, poder moverse libremente e facer unha vida “normal” de cidadán.

Unha delas centrouse nunha charla que tivo lugar o día 22 de febreiro no Salón de Actos do Instituto, a cargo de Eugenia Pintos Aris, que nos presentou un traballo cunha profunda reflexión sobre o tema da Mobilidade Sustentable no ámbito global, tratando diversos aspectos relevantes e exemplificando con modelos de cidade a imitar e con outros non sustentables. A partir desta charla déuselle ao alumnado unha enquisa con algúns dos puntos esenciais para a comprensión da mesma, e nela tiveron que responder a varias preguntas con opción múltiple, escollendo a que máis axeitada lles parecera. O resultado foi moi positivo, tendo en conta que a inmensa maioría comprendeu perfectamente as cuestións e atopou a resposta correcta segundo a información recibida. De seguido os resultados da enquisa:



<i>Alumnado</i>	<i>Resultados da enquisa</i>
25%	100% correctos
62,5%	90% correctos
12,5%	80% correctos

A enquisa resultou polo tanto moi adecuada para o público de 2º de ESO, que a resolveu sen dudas e con rapidez, comentando na clase algúns dos aspectos principais da charla e intercambiando opinións sobre a información presentada e algunhas curiosidades xerais acerca da nosa vila ou doutras que aparecían nos documentos e vídeos utilizados pola ponente.

Ao longo do curso, achegarémonos de novo a este tema, xa que na programación de 2º está contemplado o léxico relativo á cidade e aos medios de transporte (FLE II), e porén teremos ocasión de comparar cidades diversas que coñezamos e de facer unha breve análise da mobilidade nas mesmas.

Ao mesmo tempo, co alumnado de 1º de ESO estase a traballar no Proxecto Interdisciplinar sobre o tema “A cidade ideal”, afondando nos problemas

mencionados e concienciando aos máis novos sobre o reto de pensar e facer posible esa cidade onde todo o mundo conviva en harmonía co medio, respetando aos demais e sen facer impoñer o criterio propio ou o transporte individual por enriba do colectivo.

Como recurso para esta actividade foi de moito interese a visita realizada ao Salón do Libro, que este ano aborda este tema, e que resultou non só interesante senón que moi enriquecedora para o proxecto. Durante as próximas semanas prevése que poidan acceder a través de Internet ás páxinas dalgunhas das cidades exemplares no seu modelo de sustentabilidade, para así poder comparar e traballar sobre a idea de que todo é posible se hai conciencia e respecto polo medio.



Lucía Enríquez Vilanova.